

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A FUNDACIÓN FERNANDO BLANCO DE LEMA PARA ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN NO MUSEO FERNANDO BLANCO.

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Por outra, Eva García Caamaño, actuando en representación da Fundación Fernando Blanco de Lema, en virtude da súa condición de presidenta da fundación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.



O artigo 1 do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dispón que esta é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos camiños de Santiago.

Así mesmo, o artigo 4.1. e) do citado Decreto 119/2022, do 23 de xuño, entre as competencias e funcións da Secretaría Xeral Técnica inclúe *"o seguimento da tramitación e rexistro dos convenios, acordos, protocolos e declaracións subscritos no ámbito competencial da Consellería así como a tramitación e execución dos convenios, plans, obras, actuacións e convocatorias de subvencións nas materias competencia doutros órganos superiores e de dirección da Consellería, con cargo aos créditos da Secretaría Xeral Técnica."*

Segundo.- Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quere acometer a realización de distintas actividades para o fomento, promoción e divulgación da cultura. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, desenvolvendo actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega, a través de actuacións encamiñadas aos máis amplos sectores.

Ademáis, a consellería desenvolve diferentes liñas de actuación co obxectivo común de converter a cultura nun punto de encontro para o desenvolvemento persoal e colectivo da cidadanía. Para este fin, trabállase en diferentes vías, entre as que están:

– Iniciativas e programacións culturais nos distintos ámbitos creativos, como a música, o teatro ou a danza, co fin de afortalar a oferta cultural galega, crear novos públicos, favorecer sinerxías coa formación académica, impulsar a participación social na creación e abrir o diálogo a diferentes realidades culturais.



- Promoción do libro e fomento da lectura, potenciación da creación literaria e a posta en valor do traballo literario, a promoción dos autores e autoras, os certames literarios e premios que axudan os escritores a difundiren as súas obras.
- Colaboración no apoio á produción e difusión das artes plásticas e visuais, co obxectivo de promover a diversidade nas distintas linguaxes e tendencias artísticas, fomentar a produción artística dos creadores e creadoras galegos e facilitarlle á cidadanía o acceso a esas obras.
- Mellorar o acceso á cultura dos galegos/as con independencia da súa situación persoal e en todo o territorio, tanto urbano como rural.
- Preservar e protexer as infraestruturas e o legado cultural tanto material como inmaterial.
- Fomentar a innovación, a modernización e a dixitalización.
- Alentar a diversidade cultural tanto na participación como na creación e xestión.
- Apoio a efemérides e celebracións que forman parte da historia cultural de Galicia.
- Políticas de proxección exterior da cultura galega a través da presenza en mercados internacionais e impulso de iniciativas de difusión, aprendizaxe, investigación e intercambio.
- Contribución á difusión e valoración social do patrimonio cultural de Galicia mediante actividades creativas, artísticas e didácticas en diferentes puntos do territorio.

Terceiro.- Que a Fundación Fernando Blanco de Lema é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, e cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.



Esta Fundación ten por fins a promoción educativa e cultural da vila de Cee e da súa bisbarra, a través dos dous edificios que posúe na vila: o actual IES Fernando Blanco de Lema, cedido á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, e a antiga Escola de Nenas, actualmente Museo Fernando Blanco, e sede da Colección da Fundación Fernando Blanco de Lema, recoñecida como Colección Visitable de carácter científico-técnico e artístico polo acordo do Consello da Xunta do 9 de xuño de 2005, facendo fincapé na proxección do noso pobo como herdeiro dun pasado educativo único no rural galego a finais do século XIX e primeira metade do século XX, como pioneiro na labor de aproveitamento integral do seu patrimonio histórico e, consecuentemente, coma centro de dinamización cultural da comarca.

Cuarto.- Que o edificio da antiga Escola de Nenas, hoxe Museo Fernando Blanco, sito no concello de Cee, na Praza da Constitución, nº 25, data do ano 1933, polo que precisa de actuacións de mantemento e conservación.

As actuacións necesarias son as seguintes:

- Os canalóns interiores presentes nas fachadas norte e oeste , en mal estado de impermeabilización, producen filtracións nos muros de mampostería, en maior medida no primeiro andar, pero que se estenden tamén a planta baixa polo que se propón.
- Os canalóns das fachadas este e sur, de cobre ,precisan de limpeza e selado das xuntas.
- A limpeza das canterías das fachadas exteriores e o cerramento do canalón interior farase manualmente con cepillo de cerdas vexetais, empregando auga e xabón neutro.
- A cuberta , de tella curva sobre fibrocemento , presenta acumulación de vexetación e pezas rotas, precisa limpeza e substitución das tellas rotas.
- As carpinterías exteriores , de madeira , precisan un novo barnizado e selado .



- Debido ás filtracións dos canalóns os paramentos interiores, con desconchados, formación de sales e fungos necesitan renovación do acabado dos paramentos interiores en pintura nos dous andares.

- As fachadas exteriores, terminadas en pintura plástica sobre morteiro de cemento, presentan manchas de fungos e líquenes polo que se lavarán con auga a presión e se lle aplicarán tres mans de pintura de fachadas.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Fernando Blanco de Lema para actuacións de mantemento e conservación no Museo Fernando Blanco.

Segunda.- Xustificación da non concorrencia competitiva

O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

De acordo co artigo 19.4.c) da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actuacións, por canto se trata dunha actividade única e especial por



todo o que representa a Fundación Fernando Blanco de Lema. Esta Fundación é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins a promoción educativa e cultural da vila de Cee e da súa bisbarra.

O edificio que alberga o Museo Fernando Blanco pon a disposición do público o gran patrimonio alí gardado.

A colección que alberga está formada na súa maior parte polo instrumental científico e o material didáctico das antigas cátedras, laboratorio e gabinetes do vello Instituto-Escola de Cee, de finais do século XIX, entre os que se atopan medidores de diversas magnitudes, aparellos de mecánica, acústica, óptica, etc. Cabe salientar tamén as coleccións de animais, minerais e fósiles.

Xunto a este material, a colección complétase co material didáctico doutras materias incorporadas ao centro ao longo da súa historia, coa documentación histórico-educativa do centro e con fondos artísticos e pictóricos da fundación, destacando as obras pictóricas de Federico Madrazo, gravados da Calcografía Nacional e unha colección de ourivería relixiosa.

Por todo o anterior é a Fundación Fernando Blanco de Lema a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de de Cultura, para o ano 2024 e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da



subvención, xa que a Fundación Fernando Blanco de Lema é a única entidade que pode levar a cabo o obxecto deste convenio.

Terceira.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 37.152,55 € (IVE incluído), co seguinte detalle:

- Limpeza de cuberta.....	1.824,00 €
- Substitución de pezas rotas e selado de patio de luces.....	1.339,50 €
- Impermeabilización de canalón interior.....	2.431,80 €
- Limpeza de canalóns de cobre e selado de xuntas.....	424,09 €
- Limpeza e rexuntado, cornisa exterior do canalón.....	1.804,95 €
- Barnizado de carpintería exterior.....	1.440,86 €
- Fachadas exteriores.....	11.420,00 €
- Parámetros interiores.....	8.550,00 €
TOTAL (sen IVE).....	29.235,18 €
21% IVE.....	6.139,39 €
Memoria elaborada polo técnico.....	363,00 €
Custo taxas e licencia de obras concello.....	1.414,98 €
TOTAL ORZAMENTO.....	37.152,55 €



Deste orzamento, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades financiará a contía de 37.152,55 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.01.431A.781.0, código de proxecto 2022 00076, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

Esta achega canalizarase a través de subvención outorgada polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cuarta.- Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a fundación como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2024.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Quinta.- Obrigas das partes

1. A Fundación Fernando Blanco de Lema, ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, asume as seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir



todas as condicións e obrigas recollidas nel.

3. Solicitar e obter, con carácter previo ao inicio da execución das obras deseñadas no proxecto, no seu caso, as preceptivas autorizacións da Administración competente en materia de patrimonio cultural e calquera outra autorización sectorial, licenza ou permiso que fose necesario para a execución das obras.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
5. Incluír en toda a documentación e soportes específicos que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia.
6. Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia.
7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
9. As demais obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.



10. Ao reintegro da subvención nos casos establecidos no artigo 33 da Lei Lei 9/2007, do 13 de xuño.

11. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

12. Presentar, antes da sinatura deste convenio e coa presentación da documentación xustificativa, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En todo caso as certificacións poderán substituírse por unha declaración responsable, ao abeiro do disposto no artigo 11 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

2. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula terceira.

Sexta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as achegas económicas previstas no presente convenio serán compatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.



En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lles poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria nin á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. A Fundación será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Oitava.- Xustificación e pagamento

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:
 - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.



b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

i) A Fundación deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A cantidade máxima que se obrigan a aportar as entidades concedintes reduciranse na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.



A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

3. Á vista desta documentación, o órgano concedinte expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

5. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incurrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se **teñan efectuado desde o 1 de xaneiro de 2024**.

6. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

7. O órgano concedinte resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.



8. As datas límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o **15 de novembro de 2024**.

9. O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

10. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

11. A cantidade máxima que se obriga a aportar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total, sempre que se cumpra co seu obxecto.

Novena.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio por un importe máximo do 50% do importe da subvención concedida, de conformidade co artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Os pagamentos anticipados que non superen os 18.000 € estarán exentos da constitución de garantía, de conformidade co disposto no 65.4.i) do citado regulamento.

Décima.- Comisión de seguimento



Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Consellería.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas ás subvencións concedidas serán resoltas pola órgano competente da Consellería.

Décimo primeira.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.



Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Fundación Fernando Blanco de Lema será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras

Décimo segunda.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.



Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as controversias derivadas da execución do presente convenio.

Décimo terceira.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixidas na cláusula sexta deste convenio.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
 - Non realizar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.



- Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local en materia de bens das entidades locais, da normativa en materia de patrimonio e/ou de contratos das administracións públicas no que resulten de aplicación.
- Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

Décimo cuarta.- Facultades de inspección

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo quinta.- Causas de resolución e modificación do convenio

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son **causas de resolución**:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis
3. As **modificacións do convenio** adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes



asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Respecto da subvención concedida pola Consellería, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Décimo sexta.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que se teñan por gastos subvencionables todos aqueles realizados a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Décimo sétima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicará o texto íntegro do convenio.



Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo oitava.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décimo novena .- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen



personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

P.D. (Orde 29/07/2022, DOG núm. 151, do 9 de agosto)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

A Fundación Fernando Blanco de Lema

Eva García Caamaño

